

9. ILUSTRACIÓN EN ESPAÑA¹

ORIENTACIÓNS DA CIUG: Nesta pregunta o alumnado debería coñecer as ideas básicas defendidas pola Ilustración, así como as características propias da Ilustración española, indicando as súas figuras principais e os seus mecanismos de difusión; e explicar o Despotismo Ilustrado en España, subliñando o labor desenvolvido por Carlos III (non exento de dificultades) e os mecanismos de difusión das ideas ilustradas.

Estudo para a PAU: Centrarse nas principais reformas económicoeducativas levadas a cabo durante o reinado de Carlos III, así como ás dificultades atopadas na súa realización (Motín de Esquilache).

0. INTRODUCCIÓN

A Ilustración foi un movemento intelectual que nace en Francia e é característico da Europa do s. XVIII. Partindo da crítica ao pensamento tradicional e a sociedade do seu tempo, a Ilustración defendeu o coñecemento baseado na **razón** para loitar contra a superstición e a ignorancia, así como o fomento das **ciencias experimentais** que, xunto co **desenvolvemento económico** e as **reformas sociais e políticas**, levarían ao **progreso** e o **benestar**. Na procura destes obxectivos, os ilustrados españois propuxeron proxectos de reforma que buscaban solucionar os problemas que identificaban na España do século XVIII: a ignorancia, o atraso económico, a debilidade da agricultura, os privilexios estamentais ou as formas de goberno, foron asuntos de reflexión da Ilustración española.

Os ilustrados consideraban que todas as persoas buscan a felicidade e que iso debe ser a base dunha organización social racional. Deste xeito, debíase respectar a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigacións de cada persoa. Os ilustrados **amosáronse especialmente críticos con certos aspectos do Antigo Réxime** como, por exemplo, o poder da Igrexa e os seus privilexios, o absolutismo monárquico ou a orde social establecida. Porén, a pesar destas críticas, estes non perseguían a súa liquidación, pois o que pretendían era implementar as reformas necesarias para racionalizalo sen destruír as súas bases fundamentais. En relación co propósito de racionalizar o Antigo Réxime sen destruílo, impúxose como ideal político na Europa do século XVIII o **despotismo ilustrado**.

A Ilustración na Monarquía Hispánica vaise reducir a pequenos círculos eruditos de burgueses, algún nobre e eclesiásticos. Aínda que a Ilustración chega nos reinados de Filipe V e Fernando VI, non será até o reinado de Carlos III (1759-1788) cando a Ilustración poida “exercer” o goberno do reino.

Os **MECANISMOS DE DIFUSIÓN** das ideas ilustradas serán a creación as Academias que como a Real Academia Médica Matritense (1734), a Real Academia da Historia (1735) ou a Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1752) se fundan no s. XVIII; as Sociedades Económicas de Amigos do País, círculos ilustrados que introducirán ideas liberais e fisiócratas en España. En Santiago fundouse unha en 1783; e prensa de carácter científico e cultural.

1. NOVATORES

Esta é a denominación despectiva que recibían os primeiros ilustrados españois. Este primeiro período vai desde **finais do s. XVII até o primeiro terzo do s. XVIII** e se considera coma unha etapa protoilustrada, na que se producen diversas manifestacións de interese por temáticas propias da ilustración coma a medicina. O movemento dos novatores ten o seu maior desenvolvemento na periferia da Península Ibérica debido ao

¹ Este texto utiliza como fontes o material do IES San Rosendo, os esquemas de Somos Historia de Miguel Abaira, a páxina <https://historiaeweb.com/2016/07/14/la-ilustracion-en-espana> e a adaptación do manual de Historia de España da editorial Baía de Francisco Orge Ventín.

dinamismo económico das periferias en contraposición ao arcaísmo do interior. Por isto atopámonos novatores en Sevilla, Barcelona, Zaragoza ou Valencia.

2. CRÍTICOS ERUDITOS

Nesta segunda etapa destaca a labor intelectual de dous intelectuais:

- 1) **Benito Jerónimo Feijoo** (1676 -1764) foi un beneditino galego mestre xeral da súa orde. Fernando VI nomeouno membro do Consello de Castela. A partir de 1726 iniciou a publicación das súas dúas grandes obras enciclopédicas: *Teatro crítico universal* (nove volumes; 1726-1740) e *Cartas eruditas y curiosas* (cinco volumes; 1742-1760). Os ensaios do Padre Feijoo están inspirados por un agudo sentido crítico e tratan de desterrar as ideas erróneas e supersticiosas. É un defensor da renovación pedagóxica e do coñecemento guiado pola razón e a experiencia.
- 2) **Gregorio Mayán** (1699-1781) é un intelectual de maior formación humanística e católico. Fai unha serie de afirmacións de carácter histórico, cuestionando certas tradicións e lendas, polo que choca co poder relixioso e político. Algunhas destas afirmacións son negar a aparición da virxe do Pilar e negar a chegada do Apóstolo Santiago.

3. PRINCIPAIS REFORMAS DURANTE O REINADO DE CARLOS III (1759-1788)

Carlos III foi un dos mellores representantes do despotismo ilustrado en Europa, e durante o seu reinado tiveron un gran protagonismo ministros e conselleiros como o **Conde de Aranda**, o **Conde de Floridablanca** e, sobre todo, **Campomanes**. Ademais, tamén hai que destacar a intelectuais da talla de **Jovellanos** ou **Olavide**.

Durante os anos do seu reinado, Carlos III emprendeu diversos proxectos de reforma de corte ilustrado. Entre eles, podemos destacar:

- 1) **fortalecemento do Estado e do poder do rei**, mediante o aumento dos efectivos da Administración; a modificación das provincias, intendencias e concellos; a regulamentación e transformación do exército; a creación de novos tribunais de xustiza; o establecemento dunha nova bandeira real, etc.
- 2) **A reforma urbanística de Madrid**, feito polo que foi considerado o mellor alcalde desta cidade.
- 3) **incremento da produción agrícola**, a través do cultivo de novas terras (colonización de Serra Morena e outras zonas de Andalucía), da introdución de melloras técnicas (renovación e mellora das sementes, difusión de novos procedementos de cultivo), da extensión do regadío (canle de Aragón e do Xúcar), etc.
- 4) **A proposta de modificar o réxime de propiedade**, pois os ilustrados criticaron o exceso de terras vinculadas, tanto aos morgados da nobreza como ás terras de mans mortas da Igrexa, xa que o consideraban un atranco para mellorar a produción agraria. Ademais, os ilustrados tamén criticaron o exceso de terras comunais, así como a abundancia de campesiños pobres e de xornaleiros sen terras.

Como consecuencia, os gobernos ilustrados de Carlos III levaron a cabo diversas iniciativas:

- a) A creación, a partir de 1767, de **Nuevas Poblaciones en Serra Morena e Andalucía**. Esta medida foi posta en marcha polo intendente Pablo Olavide, e o seu obxectivo era colonizar terras abandonadas e dignificar a vida dos colonos creando novos núcleos urbanos dotados de foros especiais (destacaron A Carolina, en Xaén; e A Carlota, en Córdoba).
- b) A elaboración de numerosos estudos sobre as medidas a tomar para realizar unha reforma agraria. Entre eles, destacan os presentados: por **Campomanes** (Tratado da regalía da amortización, 1765), que defendía a potestade do rei para limitar a capacidade da Igrexa de aumentar a masa de terras procedentes de mans mortas; e por **Floridablanca** (Resposta do fiscal no Expediente da provincia de Estremadura, 1770), que facía fincapé na necesidade do reparto de comunais e baldíos entre os labregos máis necesitados.
- c) Con todos estes informes, Campomanes formou un gran expediente (Memorial axustado de lei agraria, 1771), que debía servir de base para elaborar unha lei agraria que tivese en

conta os intereses de propietarios e cultivadores. A oposición dos grupos dominantes tradicionais (nobreza e clero), temerosos de perder poder, fixo que se prolongase no tempo a súa concreción.

- 5) **O fomento da produción artesanal e industrial**, para superar o atraso económico e a dependencia das importacións estranxeiras. Así, incentivouse o crecemento artesanal e industrial combinando o intervencionismo do Estado creando novas Manufacturas Reais, sobre todo as de artigos de luxo: Porcelana do *Buen Retiro* ou *Cristales de la Granja*;
- 6) **A potenciación da industria popular**, é dicir, daquelas actividades artesanais que podían ser realizadas polos campesiños nos períodos de descanso agrícola (en Galicia destaca a industria dispersa do liño e dos curtidos); e a defensa do valor do traballo artesanal como mérito de valía social (Real Cédula de 1783).
- 7) **apoio ao desenvolvemento do comercio**, considerado como o incentivo que podía estimular o crecemento de todos os sectores produtivos (Correos Marítimos da Coruña, Decretos de Libre Comercio de 1765 e 1778).
- 8) **A renovación da educación**, como medio para transformar os hábitos sociais e incrementar a riqueza do país. Deste xeito, os ilustrados apoiaron o fomento dunha educación de tipo útil e práctico, baseada no coñecemento das novidades técnicas e científicas existentes. Entre as iniciativas desenvolvidas destacan a creación de diferentes tipos de escolas populares para a aprendizaxe dun oficio, os intentos de reformar os estudos universitarios e a fundación de novas institucións culturais e científicas.
- 9) **A realización de expedicións ilustradas**, que foron financiadas e organizadas pola Coroa coa finalidade de coñecer, explorar, asegurar e introducir as reformas que fosen necesarias nas posesións que formaban parte do imperio español.

3. DIFICULTADES ATOPADAS NA POSTA EN MARCHA DAS REFORMAS ILUSTRADAS

Os gobernos ilustrados atopáronse con multitude de obstáculos para por en marcha as súas reformas. Estas dificultades proviñan tanto **da ignorancia e da miseria das masas populares** como **da oposición da meirande parte da nobreza e dos eclesiásticos**, grupos que estaban satisfeitos coa tradición e a sociedade vixentes.

Así, a pesar da moderación das súas propostas e de que nunca pretenderon alterar as bases políticas e sociais, os partidarios das reformas tiveron serias dificultades para levar a cabo os seus proxectos.

Entre elas, podemos destacar:

1) **A vixilancia da Inquisición e o proceso de Olavide.**

Aínda que sometida á autoridade de Carlos III, a Inquisición mantivo unha atenta vixilancia sobre as novas ideas ilustradas (censura de libros e escritos, vixilancia da conduta e do pensamento dos individuos etc.), de modo que se converteu nun freo para as reformas máis avanzadas. Ademais, esta vixilancia levou a que intelectuais como Pablo de Olavide fosen sometidos a procesos abertos contra eles polos tribunais inquisitoriais.

Olavide, intendente de Andalucía, era moi crítico coas formas señoriais de tenencia da terra. Preocupado polos problemas do campesiñado andaluz e responsable da creación de novas colonias agrícolas en Serra Morena e en Andalucía. Olavide foi denunciado polos eclesiásticos á Inquisición, acusado de desafecto á relixión. Foi condenado polas súas ideas avanzadas en 1778 a 8 anos de reclusión nun mosteiro e á confiscación dos seus bens. Un ano despois fuxiu a Francia.

2) **A lentitude das reformas e a radicalización ideolóxica.**

A lentitude das reformas estivo vinculada aos atrancos que os poderosos puñan ao seu desenvolvemento. Porén, a partir de finais da década de 1780, fóronse abrindo camiño novas ideas -de momento minoritarias- que propugnaban a transformación radical do sistema. Paralelamente, entre os inimigos das reformas (alta nobreza, xerarquía eclesiástica) foi xurdindo un pensamento conservador e reaccionario contrario a todo tipo de cambio e innovación.

4. O MOTÍN DE ESQUILACHE

Desde 1759, unha **serie de malas colleitas** provocara un **elevado encarecemento do prezo do trigo**, que se duplicou entre 1761 e 1765. Neste último ano, a instancias de Campomanes, decretouse a supresión da taxación⁴ dos cereais e a súa libre circulación, confiando en que estas medidas propiciarían que as zonas con excedentes vendesen o seu trigo a aquelas onde escaseaba e, deste modo, os prezos se normalizarían. Pero ocorreu o contrario, porque os especuladores almacenaron o trigo á espera de que seguise aumentando o seu prezo, que xa non estaba limitado.

Coa falta de abastecemento e a subida do prezo do trigo, foi aumentando o **descontento popular** e culpouse disto ao goberno. Nese contexto, o italiano **Marqués de Esquilache**, que servira a Carlos III durante o seu reinado en Nápoles e seguía con el en España como ministro e home da súa total confianza, renovou a prohibición incumplida do uso da capa longa e o sombreiro de aba ancha, xa que permitían esconder armas e ocultar o rostro, facilitando a delincuencia.

Esta prohibición foi o detonante en Madrid do coñecido como **motín de Esquilache (1766)**, estendéndose a súa noticia e dando lugar a outros moitos motíns por todo o Estado, con reivindicacións diferentes en cada lugar, pero todos eles cun substrato común de descontento social ante a carestía de alimentos.

Esta situación foi habilmente aproveitada por determinados grupos nobiliarios e eclesiásticos, contrarios ás reformas de Esquilache, para estimular as protestas das masas populares e lograr que o rei destituíse ao ministro. Finalmente, Carlos III accedeu á maioría das peticións dos amotinados, entre elas a expulsión de Esquilache e a limitación do prezo do pan, o que levou á restauración da orde e da normalidade.

O motín serviulle de pretexto a Carlos III para aplicar a maior expresión do regalismo da nova monarquía: a **expulsión dos xesuítas** en 1767. O argumento para isto residía en que foron acusados de ter instigado os alborotos populares. Porén, había outra razón de fondo: a Compañía de Xesús representaba, co seu inmenso poder e a súa obediencia ao Papado, un perigoso inimigo dentro do Estado.